

Unha lección de cine

# Sei quen es

Esta é a unidade didáctica sobre a película *Sei quen es*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades.

Podedes enviar esas modificacións a

[ofi.normalizacion@vigo.org](mailto:ofi.normalizacion@vigo.org)



Antes de ver a película, o alumnado debe...

- Adquirir unhas nocións xerais sobre a situación española a partires de 1975
- Coñecer a situación vivida por personaxes políticos e literarios galegos nese período.
- Comprender o significado do concepto de «memoria histórica» e a súa relevancia.
- **Tamén é conveniente que o alumnado coñeza os feitos desencadeantes da Transición e os distintos puntos de vista sobre este período.**

## A Transición Española

É o período histórico no que se dá o proceso polo que España deixa atrás o réxime ditatorial do xeneral Francisco Franco, pasando a rexerse por unha Constitución que consagra un estado social, democrático e de dereito.

Respecto á duración exacta da transición, algúns enmárcana dentro do período comprendido entre a proclamación de Xoán Carlos I como rei de España o 22 de novembro de 1975 e a entrada en vigor da Constitución, o 29 de decembro de 1978.

Outros moitos sitúana entre dúas datas clave: o 20 de novembro de 1975, cando falece o ditador Francisco Franco; e o 28 de outubro de 1982, ano en que deixa de gobernar a Unión de Centro Democrático (UCD), partido que promoveu o cambio de réxime político e a aprobación da Constitución do 78.

Tamén é común establecer a fin deste período en 1985 ou 1986, coa entrada do país na Comunidade Económica Europea (futura Unión Europea) ou a aprobación do referendo sobre a permanencia de España na OTAN.

O período que adoita considerarse polos historiadores como o máis preciso, iniciárase coa morte do xeneral Franco, o 20 de novembro

de 1975. O denominado Consello de Rexencia asumiu, de forma transitoria, as funcións da Xefatura do Estado ata o 22 de novembro, data na que é proclamado rei ante as Cortes e o Consello do Reino Xoán Carlos I de Borbón.



O rei confirmou no seu posto o Presidente do Goberno do réxime franquista, Carlos Arias Navarro. Non obstante, pronto se manifestaría a dificultade de levar a cabo reformas políticas baixo o seu goberno, o que produciría un distanciamento cada vez maior entre Arias Navarro e Xoán Carlos I. Finalmente o Presidente do Goberno presentou a súa dimisión ao rei o día 1 de xullo de 1976.

Arias Navarro sería relevado no seu cargo por Adolfo Suárez, quen se encargaría de entrar nas conversacións cos principais líderes dos diferentes partidos políticos e forzas sociais, máis ou menos legais ou toleradas, de cara a instaurar un réxime democrático en España.

O camiño utilizado foi a elaboración da Lei para a Reforma Política que foi finalmente aprobada polas Cortes e sometida a referendo o día 15 de decembro de 1976. Esta lei promulgouse o 4 de xaneiro de 1977. Contiña unha convocatoria de eleccións democráticas.

Estas eleccións celebráronse o día 15 de xuño de 1977. Unión de Centro Democrático é o partido máis votado aínda que non alcanza a maioría absoluta e é o partido encargado de formar goberno. A partir dese momento comeza o proceso de construción da democracia en España e da redacción dunha nova Constitución.

O 6 de decembro de 1978 aprobose en referendo a Constitución Española, entrando en vigor o 29 de decembro.



A principios de 1981 dimite Adolfo Suárez debido as presións internas do seu partido. O 23 de febreiro do mesmo ano, durante a celebración da votación no Congreso dos Deputados para elixir como sucesor a Leopoldo Calvo-Sotelo o prodúcese unha tentativa de golpe de Estado dirixida por Antonio Tejero, Alfonso Armada e Xaime Milans del Bosch, entre outros, que fracasará.

As tensións internas da UCD provocarían a súa desintegración ao longo de 1981 e 1982. O segmento democristián remataría integrándose con Alianza Popular, pasando así a ocupar a franxa de centro-dereita. Por outro lado, os membros máis próximos á socialdemocracia uniríanse ás filas do Partido Socialista Obrero Español (PSOE).

O PSOE sucedeu á UCD tras obter maioría absoluta nas eleccións xerais de 1982, ocupando 202 dos 350 escanos do Congreso, e comezando así a II Lexislatura de España.

## Resumo da película

**Galicia, 1999; Madrid, 1977 e 1999** son os escenarios e os tempos polos que discorre *Sei quen es*, película que transcorre entre a realidade e a ficción, no período coñecido coma Transición.

1999; cando Paloma, unha psiquiatra nova namorada do seu traballo, chega para ocupar a súa praza nun hospital remoto en Galicia, atopa a un paciente moi especial.

É Mario, un home inquietante e sedutor á vez, que padece unha estraña enfermidade: a **síndrome de Korsakov**, unha alteración da memoria que supón un caso de estudo apaixonante para a doutora.

Pero a memoria perdida de Mario oculta un pasado, aparentemente esquecido, que ameaza con sacar á superficie perigosos feitos borrados da recente historia do país.

Ao lado de Mario, Paloma vese empurrada a unha aventura que os conduce aos dous ate o lado máis escuro da realidade.



## Preguntas e debates sobre a película

Para responder algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.

**1.** Presenta, describe e analiza os personaxes principais e os secundarios. Mario e Paloma por unha banda e Álvaro e Coro pola outra.

**2.** Cal é a causa da amnesia de Mario? Que sorpresa nos revela a película sobre a verdadeira personalidade de Mario? Que significado ten para tí ter **remorsos**?

**3. Investiga:** Que síntomas son afíns á **síndrome de Korsakov**? Correspóndense estes síntomas coa enfermidade de Mario?

**4. Debate:** Que papel xoga Álvaro na trama? Quen estaba con el o día do atentado? Que sentimentos se espertan revivindo uns feitos pasados?

Con que termo podemos definir unha unha emoción violenta do pasado, que deixa unha fonda pegada no noso subconsciente, e que nos pode sensibilizar ante emocións da mesma natureza?

Define estes termos e busca os seus sinónimos. Axúdate do dicionario.

trauma

saudade

señardade

morriña

envexa

desamor

denteira

5. O tempo no filme non se presenta de maneira lineal, emprégase o recurso da **analepse** ou **flash-back**. En que consiste este recurso? Podes poñer algún exemplo que aparecese no filme?

6. **Investiga e debate:** Este filme transcorre en parte nunha época concreta da nosa historia; finais dos anos setenta do século pasado.

Neste período prodúcese un cambio político que leva mudar de **forma de goberno**. En que situación se atopaba España? Crés que a situación de hoxe en día é semellante?

7. **Investiga e debate citando exemplos de países actuais:** que é unha **coroa** ou **monarquía**, unha **teocracia**, unha **xunta militar**, unha **república**, unha **dictadura**, e unha **democracia**.

Busca tamén xunto co teu mestre ou mestra o significado e a orixe etimolóxica dos seguintes termos:

aristocracia

oligarquía

tiranía

timocracia

plutocracia

8. Relaciona os seguintes sustantivos e adxectivos remarcados en azul e as definicións que se atopan a continuación.

**doenza**    **síndrome**    **somático**    **análise**    **psíquico**

Conxunto de síntomas e signos que caracterizan certos estados patolóxicos.

Que se refire ou concirne ó corpo como organismo físico.

Operación que consiste na descomposición intelectual ou material dunha cousa nas partes ou elementos máis simples que a constitúen, para o seu exame ou investigación.

Relativo á vida ou á actividade da mente.

Alteración máis ou menos grave das funcións do organismo.